

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANUNCIO:

Por medio de Decreto número 552/2023, de 17 de outubro, resolveuse aprobar as bases reguladoras do procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal de dúas prazas vacantes de policía local do Concello de Ponte deume

Visto que o día 23 de outubro de 2023, publicouse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ponte deume, a a modo informativo na paxina web (www.pontedeume.gal) o anuncio das bases da convocatoria, e tendo transcorrido o prazo de presentación de instancias fixado na Base Quinta da convocatoria.

Vista a base 7 das bases da convocatoria, na que se indicaba que rematado o prazo de presentación de instancias "o órgano competente ditará resolución no prazo máximo de cinco (5) días hábiles declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, dos seus apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, co cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e das causas determinantes das exclusións que procedan, así como o prazo de subsanación de deficiencias e presentación de reclamacións que se concede aos aspirantes excluídos, non superior a tres (3) días."

Rematado o prazo de presentación de instancias segundo indicado na base 7ª das bases da convocatoria por Resolución da Concellería Delegada de Persoal e Réxime Interior, núm. 623/2023, de 15 de novembro, resolveuse:

PRIMEIRO: Aprobar a lista provisional de admitidos excluídos do procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal de dúas prazas vacantes de policía local do Concello de Ponte deume.

Elevar a definitiva a lista de admitidos no proceso de selección, que figura de seguido:

ASPIRANTES ADMITIDOS:

Ningún.

ASPIRANTES EXCLUÍDOS

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Motivo exclusión.
1	DÍAZ VILLAVERDE IKER	33***30***	1

1.- Non presentar o documento que acredite a conformidade expresa do órgano competente da administración pública á que pertence, en relación coa posible adscrición a este concello en comisión de servizos do funcionario/a solicitante.

SEGUNDO.- Tal e como se indica no punto 1 da base 7ª das bases da convocatoria, conceder un **prazo de tres (3) días**, para a subsanación de deficiencias e presentación de reclamacións.

TERCEIRO: Publicar anuncio da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do concello así como na paxina web municipal www.pontedeume.es.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Concelleiro delegado de persoal e Réxime Interior, (P.D. Alcaldía núm. 343/2023, de 21 de xuño) don José Simoes Couceiro, na data do 18 de outubro de 2023.

